

'Manual de Patronaxe' é unha obra feita por mulleres en homenaxe a outras mulleres que foron, e son, referentes do feminismo e exemplos de vida: as avoas. Narón acolleu onte a estrea mundial desta obra producida por Teatro do Noroeste a partir do premiado guión de Nerea Brey e baixo a dirección de Clara Gayo. **Texto** Patricia Villarino

Teatro do Noroeste estrea en Narón a obra 'Manual de Patronaxe', unha oda ás nosas avoas

A peza parte do guión escrito por Nerea Brey e protagonízana Iolanda Muíños, Raquel Espada e Susana Sampredo coa dirección de Clara Gayo

As táboas do Pazo da Cultura de Narón (Ferrolterra) acolleron onte a estrea da obra de teatro *Manual de Patronaxe* – que hoxe se representará de novo sobre o mesmo escenario nun segundo pase–, unha produción de Teatro do Noroeste a partir do guión premiado de Nerea Brey e baixo a dirección de Clara Gayo. Sobre o escenario, tres actrices: Iolanda Muíños, Susana Sampredo e Raquel Espada, cos "nervios inevitábeis" diante dunha estrea pero coa tranquilidade "do traballo feito dun proceso concienciado de ensaios e de posprodución" nas últimas semanas. Un equipo liderado por mulleres e unha obra escrita, producida, dirixida e interpretada como "unha oda ás coidadoras, ás avoas".

Manuel de Patronaxe naceu da experiencia vital, a escrita e o maxín da xornalista e actriz Nerea Brey, un texto que logrou o Premio Abrente de Textos Teatrais da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia (O Ri-

beiro) en 2023. Brey explicaba a *Nós Diario* logo de recibir o premio que logo do falecemento da súa avoa en 2019 caeu na conta de que, aínda que na súa familia non tiña "referentes de escritoras", ela fora "unha referente feminista polo seu xeito de vivir". E coa inspiración da súa avoa, modista de profesión, construíu un guión pondo no foco as súas aptitudes como "muller traballadora e independente" e "ambos os temas casaron moi ben nunha historia que rende homenaxe a todas esas mulleres da nosa vida cotiá que non foron referentes teóricos, senón que foron referentes, e que aínda o son, polo seu xeito de vivir día a día".

Eva Alonso, produtora executiva de Teatro do Noroeste, define o guión inicial e a obra estreada onte como "a tormenta perfecta". Unha escritora "contemporánea, muller e creativa", e unha directora, Clara Gayo, coa que ten "unha comunicación marabillosa" para traballar, así como un elenco de protagonistas no escenario que cumpren á perfección cunha

nova liña de traballo que Teatro do Noroeste está a levar a cabo paseniñamente, liderada pola propia Alonso e que "pensa moito en favorecer o traballo feminino na escena galega", explica.

As avoas: referentes feministas

"Lin o texto de Nerea e vin unha visión moi feminista, nas personaxes pero tamén na liña de facer un proxecto que reforce unha idea que está mal tratada na sociedade actual; falta esa homenaxe ás nosas coidadoras, ao referente que foron as nosas avoas", salienta. *Manual de Patronaxe* é "unha oda" a esas coidadoras que son as avoas na Galiza. "Todas estamos feitas desas nosas coidadoras, son referentes nas nosas vidas e delas aprendemos cousas que nos teñen marcado", di.

O guión de Nerea Brey e a obra estreada onte en Narón queren ser un recoñecemento ás avoas como "o referente feminista" do que na maioría dos casos "non nos damos de conta até que so-



Carlos Seijas

Susana Sampredo, Raquel Espada e Iolanda Muíños son as encargadas de representar 'Manual de Patronaxe' no escenario.

"AS AVOAS SON REFERENTES NAS NOSAS VIDAS, DELAS APRENDEMOS", SINALA EVA ALONSO

mos maiores", subliña Alonso. A escenografía e o vestiario son obra de Equipo Taetro e o deseño de iluminación e as proxeccións, de César Seijas. A peza quere ser, sinala a compañía, "unha reivindicación, en clave feminista, de todos eses momentos que, pasando desapercibidos, son, porén, as puntadas que conforman o bordado da nosa vida".

A escenografía desta obra que xirará por todo o país céntrase na habitación da avoa de Nerea, a modista que inspira a súa neta nun guión no que volve a vista atrás para recoñecer as "punta-

das" do feminismo da avoa e as ensinanzas vitais no presente da súa neta. O propio título desta peza explica da súa experiencia vital con súa avoa que foi para ela "como un patrón pola actitude que adoptou ante a vida, por perder o medo a equivocarse, algo fundamental no teatro e para moitos traballos".

Estrea mundial no Pazo da Cultura de Narón

A golpe de "moita merda", *Nós Diario* despediu a conversa con Eva Alonso horas antes da estrea de *Manual de Patronaxe*. A es-

TEATRO DO NOROESTE
ULTIMA XA UNHA
XIRA POR TODO O PAÍS
CON ESTA NOVA OBRA

Eva Alonso



Produtora executiva

Clara Gayo



Directora

Nerea Brey



Guionista

vendas e a moita xente que nos acompañou, así da gusto estrear", celebra. Hoxe ás 20 horas haberá un novo pase da obra, o segundo, e agardan a mesma calor do público que na estrea de onte.

Para o resto do país, Teatro do Noroeste asegura que está a ultimar xa unha xira da obra *Manual de Patronaxe*, pendente agora mesmo da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Eva Alonso asegura que terá "unha xira longa e frutífera" da que se irán coñecendo novas datas e lugares nos que recalará Teatro do Noroeste.

O futuro do oficio

Falta de apoio institucional para consolidar a escena galega

P. V. | Nós Diario

Eva Alonso é membro do colectivo Escena Galega. "Hai moito talento e profesionalidade no sector", asegura, pero no contexto actual do teatro na Galiza "sempre penso que quen facemos teatro neste noso país somos uns valentes e cabezóns", di. Deste modo, sinala a "falta de apoio institucional ao teatro na Galiza" e demanda un "salto cualitativo sobre as artes escénicas, como se fixo nos últimos anos polo audiovisual galego". Ese apoio ao audiovisual ou á música "supuxo un salto cualitativo que nós non tivemos", lamenta.

No caso da escena, asegura que co apoio actual "estamos dando pasiños moi pequenos" que confrontan co "traballo duro" que fan os distintos profesionais da escena na Galiza. Demandan desde o sector apoio e campañas para fomentar o gusto polo teatro no público mozo, porque aseguran que na práctica "estamos perdendo público nun momento irreparable como é a preadolescencia".

En canto á presenza das mulleres na escena galega, Alonso asegura que "as cousas están mellorando" e lembra que no sector cando ela era pequena "non se vían espectáculos de directoras, e agora é o máis habitual". Esta mudanza, salienta, atópase xa "cando pensas en facer un equipo para un proxecto", pois agora elixen as persoas "e a maioría resulta que son mulleres", afirma.